



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Sistema xudicial español e proceso civil

Materia	Sistema xudicial español e proceso civil			
Código	V08G081V01403			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito público			
Coordinador/a	Farto Piay, Tomás			
Profesorado	Cachaldora Calderón, Xosé Antón Farto Piay, Tomás Otero Otero, Blanca Teixeira Rodríguez, Xulio			
Correo-e	tfarto@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia Sistema Xudicial Español e Proceso Civil se estrutura en dous partes. Na primeira parte, á que se dedicará 1/3 da carga lectiva, estúdase, basicamente, o concepto e garantías da xurisdicción, a organización dos órganos xurisdiccionais, o persoal dos órganos xurisdiccionais e o colaborador, así como os principios rectores do proceso. A segunda parte, que ocupará os 2/3 da carga lectiva, dedícase ao estudo do proceso civil: suxeitos e obxecto do proceso; desenvolvemento do proceso nas súas distintas modalidades; a proba no proceso civil; as medidas cautelares; os recursos e a execución forzosa.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C26	CE32 - Coñecer a organigrama xurisdiccional español e da U.E., a organización e funcións do persoal xurisdiccional e do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como as institucións básicas do proceso civil e as súas modalidades procedimentais.
C27	CE33 - Ser capaz de identificar os problemas xurídicos-procesuais de carácter civil e abordar a súa solución mediante a interpretación e aplicación crítica da normativa procesual civil
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Nueva	A2	B1	C26	D1
	A3	B3	C27	D3
	A4	B4		D4
				D5

## Contidos

### Tema

I.- SISTEMA JUDICIAL ESPAÑOL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- A Xurisdicción e os órganos xurisdiccionais.</li> <li>2.- Os Xuíces e Maxistrados.</li> <li>3.- O Ministerio Fiscal.</li> <li>4.- Avogados e Procuradores.</li> <li>5.- A Oficina Xudicial.</li> <li>6.- Órganos colaboradores co sistema xudicial.</li> <li>7.- Dereito a tutela xudicial efectiva.</li> <li>8.- As ordes xurisdiccionais.</li> <li>9.- Actos procesales e actos de comunicación.</li> <li>10.- A cooperación xudicial interna e internacional.</li> <li>11.- O custo da Administración de Xustiza.</li> <li>12.- Modalidades procedimentales: procesos ordinarios, sumarios e especiais.</li> <li>13.- Os custos do proceso e a asistencia xurídica gratuita.</li> </ol>
II.- PROCESO CIVIL	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Principios informadores.</li> <li>2.- Demanda e contestación á demanda.</li> <li>3.- Audiencia previa.</li> <li>4.- Xuízo.</li> <li>5.- Medios de proba.</li> <li>6.- Sentenza.</li> <li>7.- Terminación anticipada do proceso.</li> <li>8.- Efectos do proceso.</li> <li>9.- Recursos.</li> <li>10.- Medidas cautelares.</li> <li>11.- Execución.</li> <li>12.- Xurisdicción voluntaria</li> </ol>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	52	94.5	146.5
Seminario	22.5	51.5	74
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1.5	0	1.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	No horario de titorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.
Seminario	No horario de titorías fixado polo profesor/a e publicado oportunamente polo centro, os alumnos/as, individualmente ou en grupos moi reducidos, poderán consultar co profesor/a as dúbidas e cuestións que se lles susciten en relación cos contidos teóricos da materia ou cos exercicios e casos prácticos propostos.

## Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do cuadrimestre realizaranse nas datas indicadas na planificación docente 2 probas tipo test (1 da parte de Sistema Xudicial Español e 1 da parte de Proceso Civil). Estas probas non liberan materia de cara ao exame final.	30	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Na data fixada no calendario oficial de exames, realizarase un exame teórico oral ou escrito, que comprende toda a materia.	40	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Na data indicada polo profesor realizarase unha proba de carácter práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba versará sobre a parte de Proceso Civil.	30	

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Na materia Dereito Procesal Penal seguiranse dous sistemas de avaliación, tanto na primeira convocatoria (maio/xuño) como na segunda (xullo): avaliación continua ou exame final.

1º.- AVALIACIÓN CONTINUA. O sistema de avaliación continua consistirá en: a) 2 probas teóricas tipo test, que se realizarán nas datas indicadas na planificación docente que se proporcionará aos alumnos ao comezo de curso; a nota media obtida nestas probas representará o 30% da cualificación final. b) 1 proba práctica escrita, que se realizará na data indicada no calendario oficial de exames que representará o 30% da cualificación final. c) 1 proba teórica oral ou escrita, sobre toda a materia, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 40% da cualificación final.

**En calquera caso, para que se entenda superada a materia, é necesario obter nesta proba teórica polo menos un 5 sobre 10. De non alcanzarse esta nota mínima de 5 sobre 10, non se procederá ao cómputo da avaliación continua e a nota final corresponderase coa nota obtida na proba teórica.**

Notas importantes: a) Para ser evaluado conforme ao sistema de avaliación continua, o/a alumno/a deberá realizar a proba teórica (oral ou escrita), a proba práctica escrita e, polo menos, unha das probas teóricas tipo test. b) Os/as alumnos/as que sigan o sistema de avaliación continua e que non superen a materia na primeira convocatoria (maio/xuño), de facer á segunda convocatoria (xullo) poderán optar por: - Que se lles manteña a cualificación obtida nas probas tipo test e na proba práctica realizadas durante o curso (se ambas constan aprobadas), nese caso o exame consistiría nunha proba teórica oral ou escrita sobre toda a materia, que representará o 40% da cualificación final, e na que deberán obter polo menos un 5 sobre 10 para entender superada a materia. - Facer un exame final nos termos que se indican a continuación.

2º.- EXAME FINAL. Os/as alumnos que decidan non seguir o sistema de avaliación continua ou que non realicen as actividades necesarias para ser evaluados conforme a este sistema, serán evaluados cun exame final, que se realizará na data fixada no calendario oficial de exames e que representará o 100% da cualificación final. O devandito exame constará de: a) Unha proba práctica escrita, consistente no estudo dun caso. Esta proba práctica representará o 20% da cualificación final. b) Unha proba teórica oral ou escrita sobre toda a materia, que representará o 80% da cualificación final.

Nota importante: para poder superar a materia a través do exame final, o/a alumno/a terá que superar as dúas partes do exame. É dicir, na proba práctica, terá que obter polo menos un 1 sobre 2; e, na proba teórica, un 4 sobre 8.

3º.- CONVOCATORIA DE FIN DE CARREIRA. Na convocatoria de fin de carreira o sistema de avaliación será o de exame final nos termos expostos anteriormente.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2023-24

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

- MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Civil. Parte general**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN
- MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho Procesal Civil. Parte especial**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN
- GÓMEZ COLOMER, J.L. (Y OTROS), **Proceso Civil Derecho Procesal II**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN
- GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Civil Parte General**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN
- GIMENO SENDRA, V., **Derecho Procesal Civil. Parte Especial**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN
- DE LA OLIVA SANTOS, A., **Curso de Derecho Procesal Civil I. Parte general**, Centro de Estudios Ramón Areces, ÚLTIMA EDICIÓN
- DE LA OLIVA SANTOS, A., **Curso de Derecho Procesal Civil II. Parte especial**, Centro de Estudios Ramón Areces, ÚLTIMA EDICIÓN
- ORTELLS RAMOS, M., **Derecho Procesal Civil**, Aranzadi, ÚLTIMA EDICIÓN
- MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Introducción al Derecho Procesal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

GIMENO SENDRA, V., **Introducción al Derecho Procesal**, Tirant lo Blanch, ÚLTIMA EDICIÓN

ORTELLS RAMOS, M., **Derecho Procesal. Introducción**, Aranzadi, ÚLTIMA EDICIÓN

---

**Bibliografía Complementaria**

GARBERÍ LLOBREGAT, J. (Dir.), **Los procesos civiles (5 vols.)**, Bosch, ÚLTIMA EDICIÓN

CORTÉS DOMÍNGUEZ, V.; MORENO CATENA, V. (Coords.), **Nueva Ley de Enjuiciamiento Civil (5 vols.)**, Tecnos, ÚLTIMA EDICIÓN

PICATOSTE BOBILLO, J.; SEOANE SPIEGELBERG, J.L., **Procesos especiales dispositivos por razón de la materia en la Ley de Enjuiciamiento Civil**, Bosch, ÚLTIMA EDICIÓN

---

---

**Recomendaciones**

---